



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2023/10

SESIÓN ORGANIZATIVA (EXTRAORDINARIA E URXENTE) DO PLENO DA CORPORACIÓN

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
MÉRCORES, 12 DE XULLO DE 2023**

No día de hoxe, ás **20:30 horas**, baixo a presidencia da Alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN ORGANIZATIVA, con carácter de extraordinaria e urxente**, do Pleno da Corporación.

ASISTEN:

PP

MARÍA TERESA VILLAYERDE PAIS
ESTEBAN ARES GARCÍA
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE

ANA MARÍA DOMÍNGUEZ LAÍÑO
JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

GRUPO MIXTO (BNG)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

Ningunha

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

ORDE DO DÍA:

- 1 Ratificación da urxencia da sesión.
- 2 Dación de conta, se procede, da constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros.
- 3 Dación de conta das resolucións da Alcaldía sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde, nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias, sobre Áreas de Xestión e delegacións xenéricas e especiais, sobre nomeamento de membros da Xunta de Concelleiros Delegados e periodicidade das sesións ordinarias.
- 4 Aprobación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.
- 5 Aprobación da composición e denominación das Comisións Informativas permanentes e especiais.
- 6 Aprobación do nomeamento de representantes da Corporación Local en órganos colexiados.
- 7 Aprobación dos cargos con dedicacións exclusiva e parcial.
- 8 Aprobación das contías por asistencia aos órganos colexiados e indemnizacións. Asignación aos Grupos Políticos Municipais. Modificación das Bases de Execución do Orzamento 2023.

1) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requírendose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

Celebración do Pleno Organizativo no cumprimento do artigo 38 do Regulamento de Organización e funcionamento das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro)

O 07.07.2023, venres, tivo lugar a constitución da Corporación de Lousame para o mandato corporativo 2023-2027. A constitución tivo lugar no cuadraxésimo día posterior á celebración das eleccións municipais, por mor da tardía resolución por parte da Xunta Electoral Central dun recurso interposto contra o escrutinio na Xunta Electoral de Zona. Isto provocou un retraso de 20 días na constitución da Corporación.

Para non retrasar aínda máis o funcionamento da Corporación Municipal, e non tendo garantía de que a convocatoria do Pleno Municipal poida facerse efectiva no día de hoxe, co que non pode asegurarse que transcorran 2 días hábiles dende a convocatoria até a celebración do Pleno, por prudencia, daráselle a esta sesión o tratamento de urxente, e someterase a ratificación da Corporación a dita urxencia.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o **mércores, día 12 de xullo de 2023**.

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

Non habendo intervencións, a Alcaldesa somete a votación a ratificación da urxencia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e do GPM do PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: ratificar a urxencia da sesión organizativa convocada para o mércores, día 12 de xullo de 2023, ás 20:30 horas.

2) DACIÓN DE CONTA, SE PROCEDE, DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E DESIGNACIÓN DE VOCEIROS

O artigo 24 do ROF sinala que os grupos políticos municipais constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral do Concello, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación (do 10 ao 14 de xullo). No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

A Alcadesa dará conta ao Pleno Corporativo da constitución en tempo e forma dos diferentes grupos políticos municipais que presentasen o seu escrito até o día de celebración do Pleno Extraordinario de organización (12/07/2023)

No caso de presentar o escrito con posterioridade, darase conta da súa constitución na vindeira sesión plenaria que teña lugar.

De conformidade cos escritos presentados polos diferentes Grupos Políticos Municipais, estes quedan constituídos do seguinte xeito:

- Grupo Político Municipal (GPM) do PSdeG-PSOE (Registro de entrada 1328 do 10/07/2023)

Así, por medio do presente escrito, comunico a CONSTITUCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

que estará formado polos seguintes integrantes:

- 1) Ana Maria Dominguez Laiño
- 2) Juan José Prego Ces
- 3) Iria Insua González
- 4) Cristián González Rodríguez

A VOCEIRA será: Ana Maria Dominguez Laiño, actuando como suplentes:

- 1) Juan José Prego Ces
- 2) Iria Insua González

- Grupo Mixto (Registro de entrada 1329 do 10/07/2023)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Así, por medio do presente escrito, comunico a **CONSTITUCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

que estará formado polos seguintes integrantes:

- 1) ÁNGEL MOLEDO CARREÑO
- 2) _____
- 3) _____
- 4) _____
- 5) _____
- 6) _____
- 7) _____

O/A VOCEIRO/A será: ÁNGEL MOLEDO CARREÑO, actuando como suplentes:

- Grupo Político Municipal (GPM) do PP (Rexistro de Entrada 1356 do 12/07/2023)

Así, por medio do presente escrito, comunico a **CONSTITUCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE LOUSAME**

que estará formado polos seguintes integrantes:

- 1) Mª Teresa Villaverde Pais
- 2) Esteban Ares García
- 3) Silvia Agrafojo Filgueira
- 4) Ramón Manuel Martínez Rial
- 5) Mariel Agrafojo Nieto
- 6) José Antonio Ces Barreiro

O/A VOCEIRO/A será: Mª Teresa Villaverde Pais.

Actuando como **suplentes**:

- 1) Esteban Ares García
- 2) Ramón Manuel Martínez Rial

3) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS, SOBRE ÁREAS DE XESTIÓN E DELEGACIÓNS XENÉRICAS E ESPECIAIS, SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE CONCELLEIROS DELEGADOS E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS.

A Alcaldesa da conta ao Pleno Corporativo, no cumprimento do previsto no Real Decreto 1268/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, das seguintes resolucións da Alcaldía, relativas á **organización municipal** para o mandato corporativo **2023-2027**:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Resolución da Alcaldía núm. 375/2023 do 07/07/2023 relativa ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e competencias delegadas.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Organización Corporación Municipal 2023/2027. Designación de membros da XGL e competencias delegadas.

Expediente: 2023/G003/000373

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 20 da LRBRL establece que a Xunta de Goberno Local (XGL) existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do Concello.

O artigo 11.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) sinala que a Xunta de Goberno Local é un órgano básico de organización do Concello de Lousame.

O artigo 23 da LRBRL e artigo 76.1 do ROM establecen que a XGL está integrada pola Alcaldía e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal de membros da Corporación (11/3=3,6; logo un máximo de tres concelleiros); concelleiros nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ao Pleno Corporativo.

Tal e como sinalan o artigo 23 da LRBRL e artigo 76.2 do ROM, corresponde á XGL:

- a) A Asistencia á Alcaldesa, no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que a Alcaldesa ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

Considerando que o artigo 77.2 do ROM de Lousame establece que corresponde á Alcaldía fixar mediante decreto a periodicidade e o día e a hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que a Alcaldesa pode delegar parte das súas competencias na Xunta de Goberno local coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do ROF

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro: Nomear aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Lousame:

- Don Esteban Ares García
- Dona Silvia Agrafojo Filgueira
- Don Ramón Manuel Martínez Rial

Segundo: Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias da Alcaldía, relativas ás seguintes materias:

1. **OEP** (artigo 21.1.g LRBRL): a aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobado polo Pleno Corporativo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. **Contratos patrimoniais** (DA 2ª Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público): a adjudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da LCSP, non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3.000.000 €; así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas. Do mesmo xeito, a autorización e disposición dos gastos.
3. **Contratos administrativos e privados** (DA 2ª Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público): a devolución da garantía definitiva constituída, naqueles expedientes de contratación que sexan competencia da Alcaldía-Presidencia ao abeiro da DA 2ª da Lei de Contratos do Sector Público.
4. **Subvencións** (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia): competencias en materia de subvencións suxeitas a un procedemento de concorrencia competitiva (*quedando excluídas, por tanto as subvencións nominativas, axudas de emerxencia social e subvención para festexos populares sen concorrencia*), en concreto:
 - a. Aprobación das bases reguladoras.
 - b. Acordo de concesión ou denegación da subvención.
 - c. Acordo de verificación e aprobación da conta xustificativa
 - d. Acordos de reintegro e imposición de sancións.
5. **Planeamento urbanístico** (artigo 21.1.j LRBRL): as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
6. **Competencias urbanísticas no ámbito local** (artigo 21.1.q LRBRL e artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia):
 - a. Outorgamento das **licencias urbanísticas** que teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo, definidos no artigo 142.2 da Lei do Solo de Galicia:
 - i. Actos de edificación e uso do solo e subsolo que precisen de proxecto de obras de edificación
 - ii. Intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados.
 - iii. Demolicións
 - iv. Muros de contencións de terras
 - v. Grandes movementos de terras e explanacións
 - vi. Parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terrenos
 - vii. Implantación de calquera uso residencial
 - viii. Tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva
 - b. Declarar completa a documentación presentada no procedemento para a tramitación das **comunicacións previas**; así como adoptar as medidas provisionais que se entendan oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable.
 - c. **Caducidade** das licencias: Concesión de prórrogas nos prazos das licencias urbanísticas; declaracións de caducidade das licencias.
 - d. Control municipal dos actos relacionados no artigo 142 da Lei do Solo de Galicia que promovan órganos **doutras Administracións Públicas** ou de dereito público.
 - e. **Protección da legalidade urbanística**: adopción dos acordos que poñan fin aos expedientes de reposición da legalidade urbanística de competencia municipal; reservándose a Alcaldía a incoación do expediente, a suspensión inmediata dos actos e adopción das medidas cautelares que procedan.
 - f. **Infraccións e sancións urbanísticas**: exercicio da potestade sancionadora de competencia municipal.
7. **Competencias en materia de actividades no ámbito local** (artigo 21.1.q LRBRL e artigos 23 a 30 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia). Sen embargo, o control administrativo dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas (Título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro) será competencia da Alcaldía.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas, deberán indicar a dita circunstancia. O órgano competente para a resolución do recurso de reposición contra os ditos acordos será a Alcaldía, na aplicación do artigo 9.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que prohíbe a delegación das competencias relativas á resolución de recursos.

Cuarto: Estas delegacións estarán en vigor durante o mandato corporativo 2023-2027, sen prexuízo da súa modificación, ampliación, revogación ou avocación polos trámites legalmente establecidos. Do mesmo xeito, quedan derogadas as resolucións preexistentes, ditas no mandato corporativo 2019-2023. Os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta resolución, serán continuados polo órgano que corresponda de acordo co novo réxime de delegacións.

Quinto: A Xunta de Goberno Local celebrará unha sesión ordinaria en cada mes natural, que será convocada coa antelación mínima de 2 días hábiles. O día e hora concretos (para a primeira convocatoria) serán fixados pola Alcaldía atendendo ás circunstancias concurrentes, por razón de operatividade e para o bo funcionamento do Concello. De non existir quórum na primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local reunirse unha hora despois, en segunda convocatoria.

Sexto: A Xunta de Goberno Local realizará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes ao desta resolución, á hora fixada pola Alcaldía en primeira convocatoria; e unha hora despois, en segunda convocatoria, no caso de non existir quórum.

Sétimo: Notificar persoalmente aos designados, a presente resolución, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa en contrario antes da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local.

Do mesmo xeito, remitir comunicación aos responsables das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, lembrándolles que, de conformidade co artigo 177 do ROF, para que os expedientes conclusos poidan incluírse na orde do día dunha sesión, haberán de estar en poder do Departamento de Secretaría, coa correspondente proposta de acordo e co documento contable de consignación orzamentaria suficiente, no seu caso, tres días antes do sinalado para realizala.

Oitavo: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noveno: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

7

2. Resolución da Alcaldía núm. 376/2023 do 07/07/2023 relativa ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Organización Corporación Municipal 2023/2027. Decreto nomeamento dos Tenentes de Alcalde

Expediente: 2023/G003/000375

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Fundamentación xurídica:

O artigo 20 da LRBRL e 11.1.b) do ROM establecen como órgano necesario da organización municipal a existencia dos Tenentes de Alcalde; correspondendo o seu nomeamento á Alcaldesa, tal e como sinala o artigo 21.2 da LRBRL e 72 do ROM.

Os tenentes de alcalde substitúen pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade á Alcaldesa, sendo libremente designados e removidos por esta de entre os membros da Xunta de Goberno Local (artigo 23.3 da LRBRL e 72.2 do ROM)

O artigo 46 do ROF dispón que os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados pola Alcaldía de entre os membros da Comisión de Goberno (actual Xunta de Goberno Local), e onde esta non exista, de entre os concelleiros. Nos municipios con Xunta de Goberno Local, o número de Tenentes de Alcalde non poderá exceder do número de membros da mesma.

Os nomeamentos e os ceses faranse mediante resolución da Alcaldía da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose ademais persoalmente aos designados. Estes nomeamentos será publicados no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura da resolución polo Alcalde, salvo que nela se dispoña outra cousa.

Tal e como sinala o artigo 73 do ROM a condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de polo cese, pola renuncia expresa manifestada por escrito e pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

As funcións e límites dos Tenentes de Alcaldes están reguladas no artigo 47 do ROF e 74 do ROM:

1. Substituirán na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento á Alcaldesa, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite á Alcaldía para o exercicio das súas atribucións.
2. Desempeñarán as funcións da Alcaldía nos supostos de vacante da Alcaldía e até que tome posesión o novo Alcalde.
3. Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda sen expresa delegación, que debe reunir os requisitos dos números 1 e 2 do artigo 44. Sen embargo, cando a Alcaldesa se ausente do termo municipal por máis de 24 horas, sen ter conferido delegación ou cando por causa imprevista lle resultase imposible outorgala, será substituída, na totalidade das súas funcións, polo Tenente de Alcalde que corresponda, dando conta ao resto da Corporación.
4. Cando, durante a celebración dunha sesión, a Alcaldesa deba absterse de intervir, en relación con algún punto concreto da mesma, será substituída automaticamente na Presidencia da sesión polo Tenente de Alcalde a quen corresponda.
5. Nos supostos de substitución da Alcaldesa, por razóns de ausencia ou enfermidade, o Tenente de Alcalde que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que tivese outorgado a Alcaldesa.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro: Nomear como Tenentes de Alcalde, con efectos dende o día seguinte ao da sinatura desta Resolución, aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se indican:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Esteban Ares García
- Segunda Tenente de Alcalde: Silvia Agrafojo Filgueira
- Terceiro Tenente de Alcalde: Ramón Manuel Martínez Rial

Segundo: Notificar persoalmente aos concelleiros designados, a presente resolución, que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contrario antes da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local. Igualmente, fáiselles saber que terán que manter informada á Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde Accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

Terceiro: Remitir comunicación aos responsables das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Resolución da Alcaldía núm. 377/2023 do 07/07/2023 relativa ás Áreas de Xestión, Delegacións Xenéricas e Especiais.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Organización do mandato corporativo 2023-2027. Áreas de xestión, delegacións xenéricas e especiais

Expediente: 2023/G003/000382

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA)
3. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
4. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 21.1.a) da LRBRL corresponde ao Alcalde dirixir o goberno e a administración municipal.

Considerando o disposto no artigo 23.4 da LRBRL e nos artigos 43, 44, 45 e 1147 a 118 do ROF, artigo 61.3 da LALGA e artigos 68 a 71 do ROM, nos que se recolle a posibilidade de que o Alcalde delegue con carácter xeral competencias nos membros da Xunta de Goberno Local e con carácter específico noutros concelleiros ou concelleiras.

Á vista do réxime xurídico desas delegacións e no uso das atribucións que me confire a normativa legal vixente, **RESOLVO:**

Primeiro: Establecer as seguintes **áreas de xestión** dentro da estrutura e organización municipal:

1. **Área da Alcaldía**

Exerce as competencias propias da Alcaldía en cada unha das diferentes Áreas Organizativas, que non foran delegadas noutros órganos; e tamén, as competencias que non poidan ser obxecto de delegación.

2. **Área de Economía e Facenda e Tramitación Administrativa**

Economía e Facenda

Confección e seguimento do Orzamento Municipal
Expedientes de modificación e habilitación dos créditos
Execución do Orzamento de Gastos
Execución do Orzamento de Ingresos
Ingresos de dereito públicos e privados
Recursos económicos internos e externos
Propostas de criterios para outorgar subvencións nominativas ás distintas entidades

Tramitación Administrativa

Seguimento da tramitación administrativa dos Expedientes

3. **Área de Obras Públicas, Servizos Públicos, Alumeados e Telecomunicacións, Infraestruturas Viarias, Seguridade**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Viaria e Parque Móbil.

Obras Públicas:

Desenvolvemento e execución de Plans Provinciais ou doutras Administracións.
Relación cos diversos organismos en actuacións de obras de carácter supramunicipal.
Infraestruturas xerais, dotacións e urbanizacións urbanas.
Contratación, seguimento e coordinación.

Servizos Públicos:

Abastecemento de auga domiciliaria.
Saneamento e depuración de augas.
Mantemento de edificios destinados á prestación de servizos públicos.
Subministración de materiais diversos de mantemento.

Alumeados e Telecomunicacións:

Inspección e mantemento do alumeadado público e as telecomunicacións.

Infraestruturas viarias:

Execución, mantemento e sinalización das vías públicas: zona urbana e zona rural.

Seguridade Viaria:

Actuacións de loita contra a sinistralidade viaria mediante a aplicación de medidas encamiñadas á promoción das contornas urbanas seguras e a mellora da seguridade nas estradas.

Parque Móbil:

Mantemento dos vehículos municipais

4. Área de Urbanismo

Urbanismo:

Planeamento e xestión urbanística
Ordenanzas Urbanísticas e Estudos de Detalle
Plans Especiais de Ordenación
Coordinación das obras de urbanización que teñan por obxecto o desenvolvemento das previsións do PXOM
Licencias/Comunicacións Previas de obra e actividade
Disciplina Urbanística

5. Área de Medio Ambiente, Medio Rural e Protección Civil.

Medio Ambiente:

Promoción de áreas de recreo, espazos lúdicos e paseos fluviais.
Recuperación da flora e fauna.
Propostas de criterios para outorgar subvencións a distintas entidades
Seguimento de programas da UE e doutras Administracións en materia de Medio Ambiente.

Medio Rural

Política agraria
Política forestal

Protección civil

Promoción da área de protección civil
Propostas de criterios para outorgamento de subvencións
Seguimento de programas e actuacións de protección civil

6. Área de Parques e Xardíns e Turismo.

Parques e xardíns:

Xardinería
Mobiliario urbano de parques e xardíns

Turismo

Instalacións de interese turístico
Guías e documentación turística





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Propostas de criterios para outorgar subvencións ás distintas entidades
Coordinación con outras Administracións Públicas en materia de promoción turística

7. **Área de Persoal.**

Persoal

Horarios
Xornada laboral
Vacacións, permiso e licencias

8. **Área de Relacións Veciñais.**

Relacións Veciñais

Relación coas entidades veciñais
Propostas de criterios para outorgar subvencións ás distintas entidades

9. **Área de Servizos Sociais, Igualdade, Xuventude, Educación, Cultura, Sanidade e Deportes.**

Servizos Sociais

Programas de información, orientación e asesoramento
Programa de Axuda no Fogar
Programa de atención e prevención da dependencia
Programas de inclusión e inserción social: emerxencia social
Programas de fomento da cooperación e solidariedade social
Programas de atención á infancia
Punto de Atención á Infancia
Programa de Educación Familiar
Programa de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas

Igualdade

Programa de promoción da igualdade e corresponsabilidade entre mulleres e homes

Xuventude

Política municipal en materia de xuventude
Promoción do asociacionismo xuvenil e dinamización sociocultural da xente nova
Desenvolvemento de iniciativas propias dirixidas á xuventude, así como as que xurdan dos propios colectivos, cunha labor de apoio e asesoría técnica; ou establecemento das correspondentes liñas de axuda.
Fomento da creación de espazos de formación para que os mozos e mozas integrantes de asociacións xuvenís poidan empregar os recursos máis axeitados para atender ao seu ámbito de referencia

Educación

Oferta educativa
Ensino regulado
Escolarización e mapa escolar
Relacións coa Consellería de Educación
Relación coas ANPAS
Propostas de criterios para outorgar subvencións ás distintas entidades.

Cultura

Dinamización do patrimonio histórico e etnográfico
Animación sociocultural
Talleres culturais
Comunicación e publicacións
Actividades culturais
Conservación da Casa da Cultura e organización do seu uso e de actividades
Propostas de criterios para outorgar subvencións ás distintas entidades
Normalización lingüística
Biblioteca: coordinación de actividades da biblioteca municipal e promoción da lectura
Museos

Sanidade

Promoción de actividades relacionadas cos hábitos de vida saudables

11





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Organización de cursos, conferencias e demais actividades orientadas cara a promoción da saúde
Promoción ou mellora dos centros sanitarios en materias que sexan de competencia municipal

Deportes

Deporte federado
Federacións e relación cos Clubes
Escolas deportivas
Mantemento das instalacións
Animación Sociodeportiva
Tempo libre e sendeirismo
Deportes non federados
Información dos plans de nova construción de instalacións deportivas públicas e veciñais
Propostas de criterios para outorgar subvencións ás distintas entidades

Segundo: Conferir as seguintes **delegacións xenéricas** a prol dos membros da Xunta de Goberno Local que se indican, nos seguintes termos:

1. **Esteban Ares García (membro da XGL e 1º Tenente de Alcalde)**

Designase a Esteban Ares García **concelleiro-delegado** das seguintes áreas:

→ **Área de Economía e Facenda e Tramitación Administrativa.**

Delégase en Esteban Ares García a facultade de dirixir os servizos correspondentes, así como a de xestionalos con carácter xeral.

Esta facultade inclúe a sinatura dos actos de trámite relacionados coa concellería-delegada (incoación de expedientes, propostas de resolución, conformidade de facturas...); actos de trámite que poderá asinar tanto o concelleiro-delegado como a Alcaldía-Presidencia.

Non se inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Como concelleiro cunha delegación xenérica (de área) supervisará a actuación dos concelleiros/as con delegacións especiais, encadradas na súa área.

Do mesmo xeito, atenderá presencialmente á cidadanía na Casa do Concello.

2. **Silvia Agrafojo Filgueira (membro da XGL e 2ª Tenente de Alcalde)**

Designase a Silvia Agrafojo Filgueira **concelleira-delegada** das seguintes áreas:

→ **Área de Servizos Sociais, Igualdade, Xuventude, Educación, Cultura, Sanidade e Deportes.**

Delégase en Silvia Agrafojo Filgueira a facultade de dirixir os servizos correspondentes, así como a de xestionalos con carácter xeral.

Esta facultade inclúe a sinatura dos actos de trámite relacionados coa concellería-delegada (incoación de expedientes, propostas de resolución, conformidade de facturas...); actos de trámite que poderá asinar tanto a concelleira-delegada como a Alcaldía-Presidencia.

Non se inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Como concelleira cunha delegación xenérica (de área) supervisará a actuación concelleiros/as con delegacións especiais, encadradas na súa área.

Do mesmo xeito, atenderá presencialmente á cidadanía na Casa do Concello.

3. **Ramón Manuel Martínez Rial (membro da XGL e 3º Tenente de Alcalde)**

Designase a Ramón Manuel Martínez Rial **concelleiro-delegado** das seguintes áreas:

→ **Área de Obras Públicas, Servizos Públicos, Alumeados e Telecomunicacións, Infraestruturas Viarias, Seguridade Viaria e Parque Móbil.**





→ **Área de Medio Ambiente, Medio Rural e Protección Civil.**

Delégase en Ramón Manuel Martínez Rial a facultade de dirixir os servizos correspondentes, así como a de xestionalos con carácter xeral.

Esta facultade inclúe a sinatura dos actos de trámite relacionados coa concellería-delegada (incoación de expedientes, propostas de resolución, conformidade de facturas...); actos de trámite que poderá asinar tanto o concelleiro-delegado como a Alcaldía-Presidencia.

Non se inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Como concelleiro cunha delegación xenérica (de área) supervisará a actuación dos concelleiros/as con delegacións especiais, encadradas na súa área.

Do mesmo xeito, atenderá presencialmente á cidadanía na Casa do Concello.

Terceiro: Conferir as seguintes **delegacións especiais, para un determinado servizo**, a prol dos concelleiros/as que se indican, nos seguintes termos:

1. **Mariel Agrafojo Nieto**

Designase a Mariel Agrafojo Nieto:

→ **Concelleira-delegada especial de Deportes**, dependente da Área e Concellería de *Servizos Sociais, Igualdade, Xuventude, Educación, Cultura, Sanidade e Deportes*.

A delegación abrangue a xestión, dirección interna e control do Servizo de Deportes; pero non inclúe a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros.

Deberá coordinar a súa actuación coa concelleira que ostenta a delegación xenérica na Área de *Servizos Sociais, Igualdade, Xuventude, Educación, Cultura, Sanidade e Deportes*.

→ **Concelleira-delegada especial de Parques e Xardíns**, dependente da Área de *Parques e Xardíns e Turismo*.

A delegación abrangue a xestión, dirección interna e control do Servizo de Parques e Xardíns; pero non inclúe a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros.

Deberá coordinar a súa actuación coa Alcaldía que ostenta a Área de *Parques e Xardíns e Turismo*.

2. **José Antonio Ces Barreiro**

Designase a José Antonio Ces Barreiro:

→ **Concelleiro-Delegado Especial de Seguridade Viaria e Parque Móbil**, dependente da Área e Concellería de *Obras Públicas, Servizos Públicos, Alumeados e Telecomunicacións, Infraestruturas Viarias, Seguridade Viaria e Parque móbil*.

A delegación abrangue a xestión, dirección interna e control do Servizo de Seguridade Viaria e Parque móbil; pero non inclúe a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros.

Deberá coordinar a súa actuación co concelleiro que ostenta a delegación xenérica na Área de *Obras Públicas, Servizos Públicos, Alumeados e Telecomunicacións, Infraestruturas Viarias, Seguridade Viaria e Parque móbil*.

→ **Concelleiro-Delegado Especial de Protección Civil**, dependente da Área e Concellería de *Medio Ambiente, Medio Rural e Protección Civil*

A delegación abrangue a xestión, dirección interna e control do Servizo de Protección Civil; pero non inclúe a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros.

Deberá coordinar a súa actuación co concelleiro que ostenta a delegación xenérica na Área de *Obras Públicas, Servizos Públicos, Alumeados e Telecomunicacións, Infraestruturas Viarias, Seguridade Viaria e Parque móbil*.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: As delegacións conferidas nesta Resolución enténdense sen prexuízo das competencias que a lexislación lle atribúe á Alcaldía, como competencias indelegables, así como as delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Quinto: No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros delegados, a Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria; entendéndose para estes efectos exercitada a potestade de avocación en base a esta resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

Sexto: A Alcaldía poderá avocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado, de acordo co que dispón a lexislación aplicable na materia. Do mesmo xeito, a Alcaldía poderá modificar ou revogar en calquera momento as delegacións efectuadas, seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

Sétimo: Estas delegacións estarán en vigor durante o mandato corporativo 2023-2027, sen prexuízo da súa modificación, ampliación, revogación ou avocación polos trámites legalmente establecidos. Do mesmo xeito, quedan derogadas as resolucións preexistentes, ditadas no mandato corporativo 2019-2023. Os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta resolución, serán continuados polo órgano que corresponda de acordo co novo réxime de delegacións.

Oitavo: Notificar persoalmente aos concelleiros designados, a presente resolución, que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contrario.

Noveno: Remitir comunicación aos responsables das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Décimo: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Décimo Primeiro: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

14

4. Resolución da Alcaldía núm. 378/2023 do 07/07/2023 relativa ao nomeamento dos membros da Xunta de Concelleiros Delegados e periodicidade das sesións ordinarias.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Organización Corporación Municipal 2023/2027. Designación dos membros da Xunta de Concelleiros Delegados.

Expediente: 2023/G003/000434

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 11.2 do ROM establece como órgano complementario do Concello a Xunta de Concelleiros Delegados.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo o artigo 12.2 do ROM as atribucións da Xunta de Concelleiros Delegados é a de coordinación dos traballos dos concelleiros responsables de áreas e dos concelleiros delegados, informando á Alcaldía dos asuntos que foron obxecto de delegación, co fin de acadar un traballo conxunto, articulado e sistemático, a unidade de goberno e administración do Concello, a eficacia e eficiencia e a óptima utilización dos recursos dispoñibles.

O artigo 79 do ROM preceptúa que a Xunta de Concelleiros Delegados, presidida pola Alcaldía estará integrada polos concelleiros con delegacións xenéricas e especiais conferidas para a dirección e xestión das áreas de goberno municipal e mentres estea vixente a delegación.

O nomeamento e cesamento dos membros da comisión prodúcese por resolución da Alcaldía.

As sesións da Xunta de Concelleiros Delegados terán lugar con carácter ordinario cunha periodicidade quincenal. O día e a hora das xuntanzas fixarase por resolución da Alcaldía.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro: Nomear como membros da Xunta de Concelleiros delegados, aos concelleiros con delegacións xenéricas e especiais que de seguido se indican:

- Esteban Ares García
- Silvia Agrafojo Filgueira
- Ramón Manuel Martínez Rial
- Mariel Agrafojo Nieto
- José Antonio Ces Barreiro

Segundo: A Xunta de Concelleiros Delegados celebrará dúas sesións ordinarias ao mes; cada unha delas en cadansúa quincena natural do mes.

A Alcaldía fixará o día e a hora das sesións, por razón de operatividade e para o bo funcionamento do Concello de Lousame.

Terceiro: Notificar persoalmente aos designados, a presente resolución, que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contrario.

Cuarto: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

4) APROBACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

Proposta da Alcaldía

<<Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril).

Sendo que o artigo 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) establece que un dos piares básicos da organización municipal é o Pleno Corporativo, formado por tódolos concelleiros e presidido pola Alcaldía-Presidencia.

Visto que o artigo 46.2 da LRBRL sinala que o Pleno debe celebrar sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos Concellos dos municipios que teñan unha poboación de até 5.000 habitantes.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Visto que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva a Alcaldía convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa a fixación da periodicidade das Sesións Plenarias Ordinarias.

Sendo que o artigo 18 do Regulamento Orgánico Municipal preceptúa que o Pleno celebra sesión ordinaria cada dous meses, nos días e horas que se fixen polo mesmo. A concreta periodicidade será fixada por acordo plenario dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación.

Considerando o disposto no artigo 18 do Regulamento Orgánico do Concello, segundo o cal o Pleno realizará sesión ordinaria con periodicidade bimensual; de conformidade coa normativa exposta, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: O Pleno do Concello de Lousame, órgano da máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, previa convocatoria efectuada ao efecto pola Alcaldía, realizará **sesións ordinarias** no denominado "Salón de Plenos" **o último venres non festivo dos meses impares, ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria e dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

Segundo: Cando o dito venres sexa festivo, a sesión terá lugar o día hábil inmediato anterior, á mesma hora.

Terceiro: A primeira sesión ordinaria do mandato corporativo 2023-2027, será a correspondente ao mes de setembro do 2023>>

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía da comezo á quenda de intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto propón introducir 2 emendas: por unha banda que o día de celebración do pleno ordinario sexa o xoves e non o venres, para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. E tamén propón que a periodicidade dos plenos ordinarios non sexa bimensual, senón mensual. Ao final compróbase que é preciso facer máis dun pleno cada 2 meses. E nos plenos extraordinarios a oposición non pode presentar mocións, nin facer rogos e preguntas.

A voceira do PSdG-PSOE en canto ao día de celebración do Pleno, considera que é mellor mantelo no venres. No caso de elixirse o xoves, pode afectar ao desenvolvemento do traballo de cada un dos concelleiros; posto que ao día seguinte é laborable. Considera que é mellor manter o venres como data de celebración dos plenos ordinarios. De todos os xeitos, van votar en contra da proposta da Alcaldía, polo tema da periodicidade, porque coincide que debe ser mensual e non bimensual.

A Alcaldía considera que facer un pleno cada 3 meses é pouco. Pero tamén considera que facer un pleno ordinaria ao mes é excesivo. É certo que ás veces é preciso celebrar un pleno extraordinario entre as datas dos ordinarios, pero sempre é con cousas urxentes, que non poden agardar á data do ordinario. E isto non se evitaría con ter un pleno mensual. Porque ao mellor é preciso adoptar un acordo antes de que se esgote un prazo administrativo, e non se pode agardar tampouco á data mensual do Pleno.

Por este motivo, a Alcaldía rexeita a proposta do voceiro do Grupo Mixto, e somete a aprobación a proposta de acordo orixinal.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril).

Sendo que o artigo 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) establece que un dos piares básicos da organización municipal é o Pleno Corporativo, formado por tódolos concelleiros e presidido pola Alcaldía-Presidencia.

Visto que o artigo 46.2 da LRBRL sinala que o Pleno debe celebrar sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos Concellos dos municipios que teñan unha poboación de até 5.000 habitantes.

Visto que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva a Alcaldía convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa a fixación da periodicidade das Sesións Plenarias Ordinarias.

Sendo que o artigo 18 do Regulamento Orgánico Municipal preceptúa que o Pleno celebra sesión ordinaria cada dous meses, nos días e horas que se fixen polo mesmo. A concreta periodicidade será fixada por acordo plenario dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación.

Considerando o disposto no artigo 18 do Regulamento Orgánico do Concello, segundo o cal o Pleno realizará sesión ordinaria con periodicidade bimensual; de conformidade coa normativa exposta, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: O Pleno do Concello de Lousame, órgano da máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, previa convocatoria efectuada ao efecto pola Alcaldía, realizará **sesións ordinarias** no denominado "Salón de Plenos" **o último venres non festivo dos meses impares, ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria e dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

Segundo: Cando o dito venres sexa festivo, a sesión terá lugar o día hábil inmediato anterior, á mesma hora.

Terceiro: A primeira sesión ordinaria do mandato corporativo 2023-2027, será a correspondente ao mes de setembro do 2023>>

5) APROBACIÓN DA COMPOSICIÓN E DENOMINACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E ESPECIAIS

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

Proposta da Alcaldía

<< Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
4. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 20.1.c) da LRBRL sinala que nos municipios de menos de 5.000 habitantes, se así o dispón o seu ROM ou o acorda o Pleno, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos, en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

O artigo 20.1.e) da LRBRL preceptúa que a *Comisión Especial de Contas* debe existir en todos os municipios, independentemente da súa poboación.

O artigo 124 do ROF establece que as Comisións Informativas poden ser permanentes ou especiais. As primeiras son as que se constituíen con carácter xeral, distribuindo entre elas as materias que deben someterse a coñecemento do Pleno. As Comisións Informativas Especiais son aquelas que se constituíen para un asunto concreto, e se extinguen unha vez ditaminado ou informado o dito asunto; salvo que no acordo plenario se dispoña outra cousa.

O artigo 11.1.e) do ROM sinala que os órganos básicos do Concello de Lousame son as Comisións Informativas Permanentes, a Comisión Especial de Contas e que o Pleno poderá crear Comisións Informativas Especiais.

Sendo que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva o alcalde convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa a creación e composición das comisións informativas permanentes. O seu réxime xurídico está contemplado nos artigos 123 a 127 do ROF.

O artigo 68.5 por remisión ao 66.2 da LALGA sinala que o número de membros de cada comisión informativa será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo político municipal. No último caso aplicarase o sistema do voto ponderado. Esta mesma regulación é a que se recolle no ROM de Lousame, no artigo 57.

A Xurisprudencia ten bastantes reticencias á hora de admitir o voto ponderado (STS do 28 de novembro de 1995, STS de 30 de novembro de 1995) Incluso o Tribunal Constitucional declarou (sentencias 30/1993 de 23 de xaneiro e 32/1985 de 6 de marzo) que non é admisible constitucionalmente unha composición non proporcional das Comisións Informativas xa que, ao ser divisións internas do Pleno, deben reproducir en canto sexa posible a estrutura política deste. Así co sistema do voto ponderado é certo que nos acordos permitiríase alcanzar a dita proporcionalidade, pero só no aspecto funcional da adopción do acordo, non no da súa estrutura ou no da súa composición.

A Xurisprudencia considera que as comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno (ou Xunta de Goberno Local cando esta actúa con competencias delegadas do Pleno) para concluír que o sistema do voto ponderado adoptado non serve para respectar o mandato de proporcionalidade nuns órganos nos que o esencial é a proporcionalidade estrutural ou de composición e non a funcional ou deliberativa. Esta liña xurisprudencial respecta do mesmo xeito o estatuto individual dos concelleiros así como o principio de voto persoal e indelegable que deriva do artigo 99.5 en relación co artigo 138 do ROF.

Ademais resulta incuestionable que non se pode vulnerar o principio que se deduce dos artigos 20.3, 46 e 47 da LRBRL que impide que nas Comisións Informativas coma no Pleno os concelleiros poidan estar representados por outros para poder computar os quórum necesarios para a constitución ou decisión, posto que o voto dos concelleiros é persoal e indelegable; e isto é así, incluso desde a perspectiva do artigo 23.2 da Constitución Española.

De conformidade coa normativa exposta e a xurisprudencia sinalada, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro. Constituír a seguinte Comisión Informativa Permanente:

→ **Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria**

A Comisión Informativa Permanente ten como función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando actúe con competencias delegadas do Pleno; e todo isto, salvo que deban adoptarse acordos declarados urxentes.

Tamén informará aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local ou do Alcalde cando lle sexan sometidos os mesmos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: En relación ás Comisións Informativas Especiais, existirá a seguinte:

→ **Comisión Especial de Contas**

Á Comisión Especial de Contas, prevista no artigo 116 da LRBRL, correspóndelle o exame, estudo e informe de tódalas contas orzamentarias e extra orzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación de réxime local.

Terceiro. A composición de cada Comisión Informativa (permanente e especial) será a seguinte:

- Presidencia: A Alcaldesa (Partido Popular)
- 3 representantes do Partido Popular.
- 2 representantes do PSDG-PSOE.
- 1 representante do BNG (Grupo Mixto)

A adscrición concreta a cada comisión, dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do voceiro do grupo político dirixido a Alcaldía e do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderá designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

A Alcaldesa é a presidenta nata das Comisións Informativas; sen embargo, a presidencia efectiva da Comisión Informativa poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión Informativa, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Cuarto. A Comisión Informativa Permanente realizará reunións ordinarias con periodicidade bimensual, ao longo dos meses naturais impares, sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar, e alomenos antes da convocatoria do Pleno da Corporación. Ditas sesións ordinarias terán lugar no día e hora que estableza a Alcaldía da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF.

Do mesmo xeito, poderán ter lugar sesións extraordinarias ou urxentes, cando existan asuntos que sexa preciso informar ou ditaminar. O seu funcionamento axustarase ao disposto no capítulo II do título IV do ROF (artigos 134 a 138)

Quinto. A Comisión Especial de Contas realizará reunión ordinaria con periodicidade anual, sempre e cando existan asuntos da súa competencia que deba ditaminar ou informar. As sesións terán lugar no día e hora que estableza a Alcaldía da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF.

Sexto. Requirir aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5 días hábiles) comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán a cada comisión informativa e do suplente ou suplentes de cada un deles>>

Documento asinado dixitalmente
A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

19

A Alcaldía apertura a quenda de intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto gustaríalle facer outra emenda, que consistiría na creación dunha terceira Comisión que estivese vixente durante o mandato do Concello de Lousame na Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Probablemente sexa unha presidencia de 2 anos, como veu acontecendo coas últimas presidencias da Mancomunidade. Gustaríalle que esa comisión informativa fose de seguimento da Mancomunidade e de traballo para intentar chegar a posturas comúns. Esta comisión tamén serviría para fiscalizar o traballo que a Alcaldesa desenvolva como Presidenta da Mancomunidade.

A Alcaldesa considera que o voceiro do Grupo Mixto volve a caer na mesma confusión. Pídelle que continúe coa súa exposición, e logo lle contestará, como xa fixo noutros Plenos. Pero reiterará a contestación.

O voceiro do Grupo Mixto insiste na necesidade de crear esta comisión, para sacar á Mancomunidade do atascamento que está a vivir. Cre que co traballo dos tres grupos políticos da Corporación, pódese chegar a un entedimento coa Mancomunidade e loitar por eses postos de traballo.

A Alcaldesa vai contestar intentando ser o máis breve posible. A Mancomunidade é un organismo, diferente ao Concello de Lousame, ao que o voceiro do Grupo Mixto terá que dirixirse para facer todas as solicitudes





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

que considere oportunas de información ou de creación dunha comisión de seguimento do que alí se fai. As decisións que toma a Mancomunidade non son decisións do Presidente, senón decisión de todas as persoas que alí asisten. Pódese estar de acordo ou non con cousas que pasaron antes. Ela non sabe o futuro da Mancomunidade, pero parece que o voceiro do Grupo Mixto si. A ela non lle gusta alimentarse do que se comenta nos sitios públicos ou non públicos. Se hai xente á que lle gustaría que ela fose a vindeira Presidenta da Mancomunidade, pois llo agradece. Pero o Presidente ha de ser o que sexa, no momento no que pase.

Agora mesmo o Presidente é o Alcalde de Carnota. Sempre que o voceiro do Grupo Mixto quería solicitar ou pedir algo á Mancomunidade, se dirixía no Pleno do Concello de Lousame, á Alcaldesa de Lousame; cunha clara confusión dos espazos públicos. Xa llo repetiu nos debates, nas entrevistas, en todos sitios...

O voceiro do Grupo Mixto non está de acordo coa argumentación da Alcaldesa.

A Alcaldesa di que é normal que non estean de acordo; do contrario, non se estaría na oposición. Pídelle ao voceiro do Grupo Mixto que se dirixa á Mancomunidade e que non trate de adiviñar o futuro. Non sabemos o que vai pasar mañá, para máis, nunha futura reunión da Mancomunidade, onde se vote a presidencia da Asemblea ou Xunta. Agora vai ter unha compañeira na Xunta da Mancomunidade, pois pode preguntarlle a ela tamén. Anuncia que o Grupo Municipal Popular no vai votar á favor desta emenda.

A voceira do PSdG-PSOE anuncia que se vai abster.

O voceiro do Grupo Mixto quere facer uso da segunda quenda de intervencións.

A Alcaldesa entende que xa non procede un segunda quenda, e pregúntalle á Secretaría.

A Secretaría contesta que no debate do asunto hai dúas quendas de intervencións, pero non recorda exactamente o que acontece no suposto de presentación dunha emenda. Tería que consultar o Regulamento Orgánico Municipal.

A Alcaldesa explica que ao non haber certeza xurídica de como desenvolver as intervencións, vai conceder unha segunda rolda ao voceiro do Grupo Mixto.

O voceiro do Grupo Mixto comenta que a Alcaldesa lle indica que el non se debe dirixir a ela para preguntar pola Mancomunidade. Pero no seguinte punto da Orde do Día, o Pleno Corporativo vai decidir que persoas son os representantes do Concello de Lousame na Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Na Xunta da Mancomunidade, quen representa ao Concello de Lousame é a Alcaldesa. Pois a Alcaldesa, como representante do Concello, na Xunta da Mancomunidade debe dar explicacións aos concelleiros de Lousame do que pasa nesas Xuntas. Cousa que neste momento iso non acontece. El non se equivoca cando lle pide explicacións á Alcaldesa do que pasa na Mancomunidade, porque a Alcaldesa está alí representando ao Concello de Lousame. El pode dirixirse aos órganos da Mancomunidade, para facer peticións de celebración dunha Asemblea ou Xunta. Pero tamén pode dirixirse á Alcaldesa de Lousame, porque a Alcaldesa representa ao Concello de Lousame na Mancomunidade. A Alcaldesa non está alí representando ao seu grupo político municipal, senón que está representando a todos os veciños e veciñas de Lousame. O seu partido acadou case 300 votos de veciños e veciñas deste Concello, e pídelle á Alcaldesa que respecte estes votos. O obxecto da Comisión Informativa é obter información do que acontece na Mancomunidade. Recrimínalle á Alcaldesa que faga referencia á Alcaldesa do Concello de Muros, como membro da Xunta da Mancomunidade. Non é labor da Alcaldesa de Muros informarlle a el do que acontece na Mancomunidade, senón que é labor da Alcaldesa de Lousame, porque ela está alí representando a toda a Corporación. Os concelleiros da Corporación saínte non tivemos ocasión de coñecer que acontecía nesas famosas xuntas de Alcaldes. E nesas xuntas se trazaba o futuro da Mancomunidade. Se a vostede lle molesta que lle preguntemos, e que a fiscalicemos, sínteo moito, pero é o seu traballo como oposición.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa considera que o voceiro do Grupo Mixto, sempre emprega medias verdades, que é o que a el máis lle gusta. O Concello de Lousame, non só a vai nomear a ela como representante do Concello na Mancomunidade. Senón que haberá membros dos diferentes grupos políticos municipais que formarán parte dos órganos de decisión da Mancomunidade. Irá ela, pero logo tamén irá un representante de cada grupo político municipal...

O voceiro do Grupo Mixto indica que iso é na Asemblea, e non na Xunta.

A Alcaldesa indica que hai uns Estatutos da Mancomunidade, que hai que respectar. Os puntos que se tratan na Xunta, logo vanse tratar na Asemblea onde asisten todos os representantes dos grupos políticos municipais.

O voceiro do Grupo Mixto di que iso é totalmente falso. En todos estes anos, a cantas Asembleas foi convocada vostede?

A Alcaldesa contesta que a cantas Xuntas foi ela convocada....

O voceiro do Grupo Mixto di que seguro que máis Asembleas. Porque só foron convocados a unha Asemblea extraordinaria en todo o mandato corporativo. E incluso houbo Concellos, como o de Muros, que en vez de levar 3 representantes á Asemblea, levou a 4 membros.... Estre é o funcionamento da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, que non sabe nin convocar á xente. Incluso a concelleira deste Concello, dona Silvia Agrafojo Filgueira, non foi convocada para ir á Asemblea da Mancomunidade.

A Alcaldesa di que ese reproche terá que facerllo ao Presidente da Mancomunidade. O voceiro do Grupo Mixto terá que dirixirse a ese Concello que convocou mal, ou a ese secretario, ou a quen sexa... Esa convocatoria non a fixo o Concello de Lousame, nin a Secretaría deste Concello...

O voceiro do Grupo Mixto di que esa Asemblea convocouse dende este Concello de Lousame.

A Alcaldesa responde que ela cando ostentou o cargo de Presidenta da Mancomunidade de Concello da Serra do Barbanza, convocou todas as Xuntas e Asembleas que eran obrigatorias no cumprimento dos Estatutos da Mancomunidade. Foron convocadas de xeito regulamentario e no prazo legalmente establecido, seguindo o consello da Secretaría da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Xa o dixo e o volve a dicir. Por moito que cumpras, por moito que fagas as cousas bens, por moito que deixes os ollos revisando documentación antiga para beneficiar á Mancomunidade, por máis que te atopes con 20 e tantos pleitos en marcha (que non os puxo a Mancomunidade, senón outros), pleitos que houbo que defender para aforrar moitos cartos... Por máis que se fixera todo este esforzo, é o desencanto maior que ten por politizar cousas que non se debe politizar. E se vai seguir politizando, e en contra da propia Mancomunidade. Que futuro se vai estar decidindo entre Alcaldes... Se agora mesmo non hai futuro... Agora estivo todo parado, porque érase consciente de que había unhas eleccións... Pero a problemática sobre a mesa segue estando. A empresa está plantexando unha prórroga, e hai que estudar se pode facerse ou non. Pero que agora hai que esperar ao resultado das eleccións, e que se constitúan os órganos da Mancomunidade. Non hai ocultismo ningún. Non quere facer deste asunto un debate no Pleno organizativo. A Mancomunidade non está sendo manexada por ninguén. Estamos nun momento crítico, por cousas das que xa ela avisou... e polas que a tildaron de paranoica. Hai unha nova Lei Europea que está aquí. Está Lei prohíbe que se siga recollendo como aquí. Agora a empresa xa recoñece a existencia desta lei, incluso sabe que xa recibiu algunha sanción polo seu incumprimento.

O voceiro do Grupo Mixto preguntalle á Alcaldesa se ela non é na Xunta a representante de todo o Concello de Lousame. E preguntalle se non considera que por ser a representante de todos, é o seu deber informar aos concelleiros do que acontece nesa Xunta da Mancomunidade.

21





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa preguntalle ao voceiro do Grupo Mixto se non é certo tamén que el é membro da Asemblea; e que á Asemblea tamén van os asuntos da Xunta da Mancomunidade.

O voceiro do Grupo Mixto di que non. Que a Asemblea ten menos periodicidade que á Xunta e só se convocou unha no mandato corporativo anterior. Cando a Alcaldesa vai a unha Xunta da Mancomunidade, debería comentar, por deferencia, aos voceiros dos grupos da oposición, que asuntos se tratan e acordan alí. Por iso reclaman a constitución desta comisión. Para que as tres forzas políticas traballen xuntas neste asunto.

A Alcaldesa quere rematar a quenda de intervencións porque ao voceiro do Grupo Mixto gústalle dar moitas voltas á mesma torca. A ela non lle gusta ser hámster e dar voltas a unha roda, senón ser animal salvaxe. O que lle quere trasladar aos novos concelleiros da Corporación de Lousame é que fará unha xunta de voceiros para dar toda a información precisa. Pero que este non é o momento para dala.

A voceira do PSdG-PSOE considera que coa convocatoria dunha Xunta de Voceiros é suficiente.

A Alcaldesa tamén apunta que todo o que vaia contar non vai resolver nada. Porque é pasado. Pero hai que recordar que hai Concellos de Pleno dereito, que son os que teñen que adoptar as decisións. E logo hai outros, que reciben todos os beneficios, pero non teñen que votar, non teñen que tomar os acordos. E están nunha posición moi cómoda. E ao mellor son os máis apoiados por certos sectores. O futuro agora é distinto. As cousas cambian, parece que nunca van a vir. Pero resulta que veñen. E agora estamos nun calexón bastante complicado. Ou se fai unha balsa nova de transición... Porque non hai onde botar máis lixo. Pero para facer esa balsa, hai que ter os permisos, e que cumpra toda a normativa. A empresa está apurada. E os Concello teremos que sentarnos nunha nova reunión que se convoque proximamente tras a constitución das novas Corporacións. E logo farán a Asemblea. A todo isto engadeuse outro problema: o de quedar sen unha figura importantísima como é a da Secretaría-Intervención. A persoa que estaba marchou en comisión de servizos, veu alguén de Pontevedra... A Presidencia tampouco tiña ferramentas para convocar os órganos da Mancomunidade. Este problema pasa en moitos Concellos e tamén pasou na Mancomunidade. E isto é independentemente de que partido político sexa o Presidente da Mancomunidade.

Rematada a quenda de intervencións, sométese a votación a emenda plantexada polo Grupo Mixto: creación dunha comisión informativa especial para o seguimento da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), catro (4) abstencións (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE) e un (1) voto a favor (emitido polo Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a emenda plantexada polo Grupo Mixto relativa á creación dunha comisión informativa especial para o seguimento da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza.

O voceiro do Grupo Mixto comenta que quere presentar outra emenda.

A Alcaldía pídelles que a presente por escrito, se non non se vai aceptar.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que noutras ocasións aceptáronse emendas a viva voz.

A Alcaldía explica a todos os novos concelleiros da Corporación que cando se trae unha moción, da que se pensa que pode ser apoiada por todos os grupos, entre todos decidíase facer como unha mocións conxunta. Outro suposto era que algún grupo presentase unha moción, e dende o outro grupo pedíase modificar algunha parte para dar o apoio a esa moción. Ou se trataba dunha moción que se presentaba por urxencia no Pleno e polo tanto non se puido estudar antes. Entón no propio Pleno plantexábase cambiar algo desa moción... Nestes casos as modificacións facíanse in voce.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto quere seguir intervindo, porque considera que aínda ten dúas quendas de intervención.

A Alcaldesa considera que non, e pregúntalle á Secretaría.

A Secretaría explica que a Alcaldesa é quen dirixe o Pleno e modula o debate. Pero considera que neste asunto concreto, xa houbo varias quendas de intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto di que quere presentar outra emenda.

A Alcaldesa di que esa emenda non a ten.

O voceiro di que non ten escrita a emenda, pero a raíz da intervención da Alcaldesa, xurdiulle a intención de presentar unha nova emenda, que é a creación dunha Xunta de Voceiros.

A Alcaldesa pídelle que a presente como moción no próximo Pleno.

O voceiro do Grupo Mixto di que a Alcaldesa votou en contra de crear unha Xunta de Voceiros, porque o Regulamento Orgánico con contempla a súa existencia.

A voceira do PSdG-PSOE intervéñ para dicir que ela entendeu que existía o compromiso da Alcaldía de celebrar unha Xunta de Voceiros cada vez que exista unha Xunta da Mancomunidade.

A Alcaldesa responde que a voceira do PSdG-PSOE interpretou ben.

Pero o voceiro do Grupo Mixto quere ter ese compromiso por escrito saído do Pleno. Por iso quere presentar esta segunda emenda.

A Alcaldesa di que na anterior lexislatura houbo varias xuntas de voceiros. Pregúntalle ao Sr. Moledo Carreño se non as recorda.

O voceiro do Grupo Mixto di que si. Pero non existe como órgano no Regulamento Municipal. Podemos creala?

A Alcaldesa di que na pasada lexislatura houbo Xuntas de Voceiros. Se quere que se constituía de xeito formal, terá que estudarse este asunto. No Regulamento Municipal non se contempla. Pero de igual xeito se facían, aínda que non tiña remuneración económica. Para rematar o tema, dicir que a pesar de que ela vai á Xunta da Mancomunidade, tamén os grupos políticos municipais teñen representación na Asemblea.

O voceiro do Grupo Mixto insiste en que o que se trata na Xunta non é o mesmo que se trata na Asemblea.

A Alcaldesa contesta que lle soliciten á Mancomunidade estar na Xunta da Mancomunidade.

O voceiro do Grupo Mixto tamén solicitou no seu día estar nas Asembleas da Asociación da Ría da Estrela, da que ela é presidenta, e aínda está esperando a que se lle conteste.

A Alcaldesa remata o quenda de intervencións, e somete a proposta orixinal da Alcaldía a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) abstencións (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<< **Antecedentes Administrativos:**

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
3. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
4. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 20.1.c) da LRBRL sinala que nos municipios de menos de 5.000 habitantes, se así o dispón o seu ROM ou o acorda o Pleno, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos, en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

O artigo 20.1.e) da LRBRL preceptúa que a *Comisión Especial de Contas* debe existir en todos os municipios, independentemente da súa poboación.

O artigo 124 do ROF establece que as Comisións Informativas poden ser permanentes ou especiais. As primeiras son as que se constitúen con carácter xeral, distribuindo entre elas as materias que deben someterse a coñecemento do Pleno. As Comisións Informativas Especiais son aquelas que se constitúen para un asunto concreto, e se extinguen unha vez ditaminado ou informado o dito asunto; salvo que no acordo plenario se dispoña outra cousa.

O artigo 11.1.e) do ROM sinala que os órganos básicos do Concello de Lousame son as Comisións Informativas Permanentes, a Comisión Especial de Contas e que o Pleno poderá crear Comisións Informativas Especiais.

Sendo que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva o alcalde convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa a creación e composición das comisións informativas permanentes. O seu réxime xurídico está contemplado nos artigos 123 a 127 do ROF.

O artigo 68.5 por remisión ao 66.2 da LALGA sinala que o número de membros de cada comisión informativa será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo político municipal. No último caso aplicarase o sistema do voto ponderado. Esta mesma regulación é a que se recolle no ROM de Lousame, no artigo 57.

A Xurisprudencia ten bastantes reticencias á hora de admitir o voto ponderado (STS do 28 de novembro de 1995, STS de 30 de novembro de 1995) Incluso o Tribunal Constitucional declarou (sentencias 30/1993 de 23 de xaneiro e 32/1985 de 6 de marzo) que non é admisible constitucionalmente unha composición non





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

proporcional das Comisións Informativas xa que, ao ser divisións internas do Pleno, deben reproducir en canto sexa posible a estrutura política deste. Así co sistema do voto ponderado é certo que nos acordos permitiríase alcanzar a dita proporcionalidade, pero só no aspecto funcional da adopción do acordo, non no da súa estrutura ou no da súa composición.

A Xurisprudencia considera que as comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno (ou Xunta de Goberno Local cando esta actúa con competencias delegadas do Pleno) para concluír que o sistema do voto ponderado adoptado non serve para respectar o mandato de proporcionalidade nuns órganos nos que o esencial é a proporcionalidade estrutural ou de composición e non a funcional ou deliberativa. Esta liña xurisprudencial respecta do mesmo xeito o estatuto individual dos concelleiros así como o principio de voto persoal e indelegable que deriva do artigo 99.5 en relación co artigo 138 do ROF.

Ademais resulta incuestionable que non se pode vulnerar o principio que se deduce dos artigos 20.3, 46 e 47 da LRBRL que impide que nas Comisións Informativas coma no Pleno os concelleiros poidan estar representados por outros para poder computar os quórumos necesarios para a constitución ou decisión, posto que o voto dos concelleiros é persoal e indelegable; e isto é así, incluso desde a perspectiva do artigo 23.2 da Constitución Española.

De conformidade coa normativa exposta e a xurisprudencia sinalada, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro. Constituír a seguinte Comisión Informativa Permanente:

→ **Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria**

A Comisión Informativa Permanente ten como función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando actúe con competencias delegadas do Pleno; e todo isto, salvo que deban adoptarse acordos declarados urxentes.

25

Tamén informará aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local ou do Alcalde cando lle sexan sometidos os mesmos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

Segundo: En relación ás Comisións Informativas Especiais, existirá a seguinte:

→ **Comisión Especial de Contas**

Á Comisión Especial de Contas, prevista no artigo 116 da LRBRL, correspóndelle o exame, estudio e informe de tódalas contas orzamentarias e extra orzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación de réxime local.

Terceiro. A composición de cada Comisión Informativa (permanente e especial) será a seguinte:

- Presidencia: A Alcaldesa (Partido Popular)
- 3 representantes do Partido Popular.
- 2 representantes do PSdG-PSOE.
- 1 representante do BNG (Grupo Mixto)

A adscrición concreta a cada comisión, dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do voceiro do grupo político dirixido a Alcaldía e do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderá designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa é a presidenta nata das Comisións Informativas; sen embargo, a presidencia efectiva da Comisión Informativa poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión Informativa, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Cuarto. A Comisión Informativa Permanente realizará reunións ordinarias con periodicidade bimensual, ao longo dos meses naturais impares, sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar, e alomenos antes da convocatoria do Pleno da Corporación. Ditas sesións ordinarias terán lugar no día e hora que estableza a Alcaldía da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF.

Do mesmo xeito, poderán ter lugar sesións extraordinarias ou urxentes, cando existan asuntos que sexa preciso informar ou ditaminar. O seu funcionamento axustarase ao disposto no capítulo II do título IV do ROF (artigos 134 a 138)

Quinto. A Comisión Especial de Contas realizará reunión ordinaria con periodicidade anual, sempre e cando existan asuntos da súa competencia que deba ditaminar ou informar. As sesións terán lugar no día e hora que estableza a Alcaldía da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF.

Sexto. Requirit aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5 días hábiles) comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán a cada comisión informativa e do suplente ou suplentes de cada un deles>>

6) APROBACIÓN DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN LOCAL EN ÓRGANOS COLEXIADOS

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

26

Proposta da Alcaldía

<< Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

Considerando o disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) que preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva o alcalde convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

De conformidade coa normativa exposta, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Nomear representante do Concello de Lousame no **Consello Escolar do CPI Cernadas de Castro** a:

- Representante titular: Silvia Agrafojo Filgueira
- Representante suplente: José Antonio Ces Barreiro

Segundo: Nomear representante do Concello de Lousame na **Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza (MCSB)** a:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Na Xunta da MCSB: A Alcaldesa de Lousame (M^a Teresa Villaverde Pais)
- Na Asemblea da MCSB (4 membros):
 - 1) A Alcaldesa (M^a Teresa Villaverde Pais)
 - 2) Un concelleiro do Partido Popular, por designación do GPM do PP.
 - 3) Un concelleiro do PSdG-PSOE, por designación do GPM do PSdG-PSOE
 - 4) Un concelleiro do Grupo Mixto, por designación do Grupo Mixto.

A adscrición concreta dos membros da Corporación que deban formar parte da Asemblea da MCSB, en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía Presidencia, do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderán designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

Requírese aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco días hábiles comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán á Asemblea da MCSB, así como do suplente ou suplentes de cada un deles.

Terceiro: Nomear representante do Concello de Lousame no **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** a:

- Representante titular: Silvia Agrafojo Filgueira
- Representante suplente: M^a Teresa Villaverde Pais

Cuarto: Nomear representantes do Concello de Lousame nos órganos reitores do **Consortio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar** a:

- Representante titular: M^a Teresa Villaverde Pais
- Representante suplente: Silvia Agrafojo Filgueira

Quinto: Nomear representantes do Concello de Lousame na **Rede de Dinamización Lingüística** a:

- Representante titular: M^a Teresa Villaverde Pais
- Representante suplente: Silvia Agrafojo Filgueira

Sexto: Comunicar o presente acordo ás entidades afectadas e notificarlo aos designados coa indicación de que pon á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo no xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente."

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

Como non hai intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstencións (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

<< Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

Considerando o disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) que preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva o alcalde convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

De conformidade coa normativa exposta, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Nomear representante do Concello de Lousame no **Consello Escolar do CPI Cernadas de Castro** a:

- Representante titular: Silvia Agrafojo Filgueira
- Representante suplente: José Antonio Ces Barreiro

Segundo: Nomear representante do Concello de Lousame na **Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza (MCSB)** a:

- Na Xunta da MCSB: A Alcaldesa de Lousame (M^a Teresa Villaverde Pais)
- Na Asemblea da MCSB (4 membros):

- 1) A Alcaldesa (M^a Teresa Villaverde Pais)
- 2) Un concelleiro do Partido Popular, por designación do GPM do PP.
- 3) Un concelleiro do PSdG-PSOE, por designación do GPM do PSdG-PSOE
- 4) Un concelleiro do Grupo Mixto, por designación do Grupo Mixto.

A adscrición concreta dos membros da Corporación que deban formar parte da Asemblea da MCSB, en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía Presidencia, do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderán designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

Requírese aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco días hábiles comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán á Asemblea da MCSB, así como do suplente ou suplentes de cada un deles.

Terceiro: Nomear representante do Concello de Lousame no **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** a:

- Representante titular: Silvia Agrafojo Filgueira
- Representante suplente: M^a Teresa Villaverde Pais

Cuarto: Nomear representantes do Concello de Lousame nos órganos reitores do **Consortio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar** a:

- Representante titular: M^a Teresa Villaverde Pais





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Representante suplente: Silvia Agrafojo Filgueira

Quinto: Nomear representantes do Concello de Lousame na **Rede de Dinamización Lingüística** a:

- Representante titular: M^a Teresa Villaverde Pais
- Representante suplente: Silvia Agrafojo Filgueira

